empregaNAV

Novas oportunidades para o emprego

Medidas para a reinserción laboral das persoas do sector naval

CCOO industria

UGT FICA Industria, Construción e Agro Galicia

asime Asociación de industrias del Metal y Tecnologías Asociadas de Galicia

COMISIÓN EUROPEA
DG de Empleo, Asuntos Sociales e Igualdad de Oportunidades

Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

FEAG Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

XUNTA DE GALICIA

2019 - 2020

empregaNAV

Entre o **23 de maio do 2019 e o 23 de febreiro do 2020**, produciuse unha **perda de empregos** e de peso económico da **industria auxiliar do sector naval en Galicia** e, especialmente nas provincias de **Pontevedra e A Coruña**





FEAG Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

XUNTA DE GALICIA

empregaNAV

REINSERCIÓN

É preciso **por en marcha medidas** que palíen, dunha maneira rápida e efectiva, o importante **impacto socio-laboral ocasionado no sector** e que faciliten unha **reinserción efectiva** das persoas despedidas.



FEAG Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

XUNTA DE GALICIA

empregaNAV

MEDIDAS ACTIVAS

A **Xunta de Galicia**, en colaboración coa Unidade Administradora do **Fondo Social Europeo (FSE)**, o apoio dos **interlocutores sociais do sector naval**, e o cofinanciamento do **Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG)** proporcionan ás persoas beneficiarias **medidas activas** do mercado laboral que se integran nun conxunto coordinado de **servizos personalizados destinados a mellorar a súa empregabilidade**.



FEAG Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

XUNTA DE GALICIA

Deste xeito, deseñouse

empregaNAV

FEAG
Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

XUNTA DE GALICIA

empregaNAV

O Plan **EMPREGANAV** pretende **crear recursos de fomento da inserción laboral** orientados ás persoas cuxo despedimento fora motivado por causas obxectivas na industria auxiliar do sector naval en Galicia e **asegurar a inserción do maior número de persoas posibles.**

FASES

1. ACOLLIDA E DIAGNOSE INICIAL
2. MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN
3. ORIENTACIÓN
4. FORMACIÓN
5. APOIO A RECOLOCACIÓN E SEGUIMENTO PERSONALIZADO

6. APOIOS ECONÓMICOS

ESTRATEXIA

PERSONALIZACIÓN + NOVAS TECNOLOXÍAS

Itinerario feito a medida das persoas traballadoras afectadas

acompañamento persoal no proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinserción ao mercado laboral

Fomento das competencias 4.0

PLAN INTEGRADO DE MEDIDAS

dende agosto do 2020 ata agosto 2022

1

ACOLLIDA E DIAGNÓSTICO INICIAL

2

MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN

- Obradoiros para a activación laboral
- Obradoiros de acreditación de valorización e reforzo de competencias profesionais e habilidades socio-laborais
- Obradoiros de fomento de autoemprego

3

PROGRAMA DE ORIENTACIÓN

- Orientación laboral por conta allea
- Orientación laboral para o autoemprego

4

PROGRAMA DE FORMACIÓN

- Formación Transversal
- Formación en Competencias Básicas
- Formación en autoemprego
- Formación de recalificación Profesional fora do Sector
- Formación de Especialización dentro do Sector

5

APOIO Á RECOLOCACIÓN E SEGUIMENTO PERSONALIZADO

6

APOIOS ECONÓMICOS

- Incentivo para a participación activa
- Beca de desprazamento
- Incentivo para o fomento do autoemprego.
- Incentivo para a inserción por conta allea
- Incentivo para a conciliación

1

ACOLLIDA E DIAGNOSTICO INICIAL

A través do presente programa preténdese ter unha **primeira acollida coas persoas traballadoras** que cumpran os requisitos, co obxectivo de efectuar unha presentación xeral do programa e **informarlles das accións que se van a levar a cabo e os esforzos e recursos postos en marcha** para axudarlles no seu proceso de recalificación para a súa mellora da empregabilidade.

Tras as sesións de acollida, realizarase un **diagnóstico inicial de cada persoa desempregada** por mor de entrevistas individualizadas co fin de coñecer con detalle a súa situación socio- profesional, o seu nivel formativo, as súas aptitudes, capacidades, experiencias, intereses e expectativas laborais, así como calquera outra información necesaria para facer unha valoración adecuada das súas posibilidades reais de reincorporación ao mercado laboral. É fundamental, nesta fase, e en xeral en todo o proceso de inserción laboral, conseguir a motivación e implicación activa da persoa desempregada.

2

MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN

Estas medidas preséntanse como un dispositivo de axuda especializada en varios ámbitos para encamiñar a participación dentro das accións incluídas no proxecto.

Talleres para a activación laboral

Talleres informativos para activar as persoas usuarias no seu proceso de procura de emprego , co fin de potenciar as capacidades de desempeño profesional particular para alcanzar o obxectivo laboral marcado.

Talleres de acreditación de valorización e reforzo de competencias soft skills e hard skills

Acreditación da experiencia mediante unha homologación das actividades realizadas ao longo da vida laboral (Obtención do certificado de Profesionalidade)

Acreditación doutro tipo de competencias demandadas polas empresas á hora de contratar persoas: Competencias soft skills (competencias brandas)

Talleres de fomento do espírito emprendedor

Talleres informativos relacionados coas iniciativas emprendedoras sobre a creación de empresas para aquelas persoas participantes que estean interesadas en obter información sobre este tema, ben porque queiran iniciar actividade empresarial por conta propia ou ben por estar informados e abertos a novas saídas ao desemprego.

3

PROGRAMA DE ORIENTACIÓN

Este programa articúlase como un dispositivo de axuda especializada para a mellora das habilidades das persoas beneficiarias en relación coa procura activa de emprego . Unha vez finalizada a acollida, poñeranse en marcha as seguintes accións:

Orientación laboral por conta allea

Consiste en sesións de motivación e asesoramento laboral por conta allea. O punto de partida do devandito asesoramento é a elaboración de un itinerario personalizado en base ás necesidades identificadas no diagnóstico de cada persoa e que permite establecer os pasos a seguir para a consecución do obxectivo profesional.

Orientación laboral para o autoemprego

Consiste en sesións de motivación e asesoramento laboral para o autoemprego. As persoas usuarias proporcionan datos sobre a súa idea de negocio e reciben axuda para a realización do business plan e de calquera aspecto relacionado co seu proxecto empresarial.

4

PROGRAMA DE FORMACIÓN

Esta formación dota as persoas traballadoras de unha maior empregabilidade, ben a través dunha recalificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias:

Formación transversal

Programa de formación composto por distintos cursos de contido eminentemente práctico e de curta duración, destinados á adquisición de competencias transversais necesarias para o desempeño profesional e enfocados ás necesidades específicas de cada unha das persoas participantes, detectadas no proceso de definición do seu itinerario personalizado.

Formación en competencias crave

Levaranse a cabo cursos de formación para a adquisición de competencias e coñecementos correspondentes á educación básica, co obxectivo de que os/as alumnos/as poidan obter o título de Graduado en Educación Secundaria ou ben as competencias crave requiridas para o acceso aos certificados de profesionalidade

Formación en autoemprego

Diríxese á promoción do espírito empresarial e á asistencia con visos ao establecemento por conta propia. Ten unha dobre vertente: o autoemprego dentro do naval, aproveitando os coñecementos de base das persoas usuarias do Plan, e, o autoemprego fora do sector, desenvolvendo calquera outra actividade económica.

4

PROGRAMA DE FORMACIÓN



Formación de recalificación profesional fora do sector

Programa de formación creado para dotar as persoas traballadoras dunha maior empregabilidade, ben a través dunha recalificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias laborais a través de accións de formación de reciclaxe orientadas a outros sectores de interese capaces de absorber persoas desempregadas do sector naval

Formación especializada dentro do sector

Este programa estará composto por diferentes cursos destinados a proporcionar unha mellora na cualificación profesional en base á ampliación de coñecementos relacionados coas tarefas desenvolvidas no sector naval e mesmo a novas técnicas dentro do sector en puntos de nova empregabilidade como consecuencia de avances tecnolóxicos.

5

APOIO Á RECOLOCACIÓN E SEGUIMENTO PERSONALIZADO

Á vez que se realiza o programa de orientación, procederase á incursión no mundo laboral das persoas participantes do proxecto, entendida como o proceso que debe seguir cada usuario/a para conseguir mellorar o seu empregabilidade e, deste xeito, ter maiores oportunidades de acceso ao mercado laboral ou ao autoemprego.

Apoio a recolocación

Análise continuada do tecido industrial co fin de detectar as necesidades de persoal nas empresas e posteriormente poder xestionar as ofertas de emprego nas que puidesen ter cabida os perfís dos/ as usuarios/ as do proxecto.

Prospección exhaustiva do mercado laboral de Galicia en busca de traspasos de negocios, locais en venda, pechados ou de nova apertura etc. co fin de apoiar a aquelas persoas participantes que queiran iniciar a apertura da súa empresa.

Seguimento no emprego

No caso das persoas participantes que consigan a reincorporación ao mercado laboral por conta allea ou ben de maneira autónoma, proporcionaráselles titorías personalizadas nas que se verificarán as condicións de emprego.

O seguimento personalizado de cada participante realizarase desde a súa entrada no mercado laboral ata un ano despois da finalización do proxecto.

6

APOIOS ECONÓMICOS

Este programa articulase como un dispositivo de **motivación a persoa usuaria** para a súa participación activa nas medidas deseñadas mediante **incentivos económicos**. Así mesmo, os devanditos incentivos cumpriran unha función de cobertura de gastos en que puido incorrer a persoa na participación no plan.

1. Incentivo para a participación activa

2. Bolsa de desprazamento

3. Incentivo para o fomento do autoemprego

4. Incentivo para a inserción por conta allea

5. Incentivo para a conciliación

RESULTADOS

Mellora da empregabilidade e a reinserción laboral

empregaNAV

500 persoas beneficiarias

Reinserción laboral

Aproximadamente **2,6 millóns de euros investidos** na mellora profesional e na reinserción

Aproximadamente **600.000,00 €** estarán destinados a **axudas directas a persoas desempregadas** (17% do investimento total)



FEAG Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

XUNTA DE GALICIA

empregaNAV

3,2 MILLÓNS DE EUROS

FEAG
Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

A **Comisión Europea** contribuirá cunha axuda non reembolsable (fondo perdido) do **60%**

XUNTA DE GALICIA

A **comunidade autónoma de Galicia** aporta o restante **40%**.



EUROPA APOIA A INSERCIÓN LABORAL

FEAG
Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

QUE É O FONDO FEAG?

O instrumento de axuda da Unión Europea para as persoas traballadoras que perderon o seu posto de traballo como consecuencia de cambios estruturais do impacto da globalización.

O FEAG traballa na:

- **ASISTENCIA** na procura dun emprego
- **RECICLAXE PROFESIONAL** a medida
- **PROMOCIÓN DO EMPRENDEMENTO** e asistencia ao establecemento por conta propia
- **MOTIVACIÓN** das persoas con discapacidade ou de máis idade para que permanezan ou se reintegren no mercado laboral



empregaNAV

www.empreganav.gal

empreganav@empreganav.gal

Novas oportunidades para o emprego

Medidas para a reinserción laboral das persoas do sector naval

CCOO industria

UGT FICA Industria, Construción e Agro Galicia

asime Asociación de Industrias del Metal y Tecnologías Asociadas de Galicia

COMISIÓN EUROPEA
DG de Empleo, Asuntos Sociales e Igualdad de Oportunidades

Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

FEAG Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

XUNTA DE GALICIA